

**ACTA DA SESION ORDINARIA DA COMISION MUNICIPAL DE GOBERNO
CORRESPONDENTE O DIA 5 DE ABRIL DE 1993.-**

Na Casa do 1º Concello de Ribadavia o día cinco de Abril de mil novecentos noventa e tres; ás oito do serán xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Comisión Municipal de Goberno correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Miguel Fidalgo Areda.- Concelleiros: Don Xosé Sotelo Barroso, Don Xosé Prieto Pérez e Don Ricardo González Amaro.

Está presente tamén o Secretario accidental Valentín Lorenzo Fariña, funcionario de carreira do Concello.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde pásase de seguido ó exame e estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Comisión de Goberno presta a súa unánime aprobación ó borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o día 29 de Marzo de 1993.

3.- OBRAS.-

Examinadas as solicitudes presentadas e os informes emitidos polo Sr. Aparellador Municipal concédese licencia para a execución de obras, salvo os dereitos do común e sen prexuízo de terceiros, ós seguintes señores, a cal licencia non terá efecto sen o previo aboamento dos dereitos municipais que constan na liquidación provisional do Sr. Interventor, a resultas da definitiva, por unanimidade:

A Dona Dolores Sánchez Barbeito, veciña de Ourense, con domicilio na estrada de Vigo, nº 37, Barrio do Pino, para que poida rehabilita-la súa vivenda sita no lugar de Sampaio, deste Concello de Ribadavia, na paraxe Subida ó Castro, tendo en conta as seguintes condicións: manteranse as aliñacións actuais e o volume existente; os materiais exteriores de fachada manteranse en pedra encintada de xeito similar ás existentes na zona; a fronte do inmovible será en galería na planta primeira. A validez desta licencia é de seis meses a partir da súa notificación. Erguese a definitiva a liquidación provisional practicada ós efectos de taxas desta licencia, o cal importe é de 28.000 pesetas.

3.- ESCRITOS DE SEÑORES CIUDADANS.-

Visto o expediente que se tramita a instancia de "Hijos de A. Freijido Blanco, desta Vila, para a conversión dun almacén de viños en instalación embotelladora, sito na rúa do Ribeiro, 32, baixo, e vistos os informes técnicos que se atopan no mesmo, a Comisión de Goberno, baseada precisamente nos informes técnicos e habida conta que o emprazamento non loita coa normativa urbanística e mesmo no lugar non hai actividades análogas susceptibles de produciren efectos aditivos, acorda informar favorablemente o devandito expediente e que pase a coñecemento da Comisión Provincial de Medio Ambiente ós efectos de calificación e demais que procedan.

Visto o expediente que se tramita a instancia de Don Cándido Sánchez Nieto, representante de PROCAPI S.A., veciño do Carballiño, no que prega licencia de primeira ocupación para un inmovible sito nesta Vila de Ribadavia con fachada ás rúas Carballiño, 32 e Veronza, a Comisión de Goberno acorda comunicar ó interesado que, segundo o informe técnico do Sr. Aparellador Municipal, cómpre aporta-las seguintes xustificacións, ben entendido que presentados os correspondentes documentos estarase en condicións de concede-la licencia de que se trata: falta o informe específico sobre a instalación de gas; na planta de soto instalárase unha luz de emerxencia na zona común de acceso ó ascensor; polo que atinxe ás urbanizacións, na rúa do Carballiño colocárase un sumidoiro de fundición en liña de beirarrúa e na estrada para a recolleita de pluviais; repóranse as baldosas rotas e procederáse á limpeza da beirarrúa; na zona da rúa Veronza conectáranse as pluviais das baixantes a un canto de bordillo; poderá substituí-la boca contra incendios por "hornacina", con manga de 25 metros situada en zona de rampa; pavimentárase a fronte do inmovible, completando a rúa actual, nun ancho de 12 metros e en toda a lonxitude do edificio; limparáse o talud retirando os escombros alí depositados a lugar autorizado, coidando especialmente que non caian sobre a canle do río.

Visto o expediente que se tramita a instancia de Don Paulino Soto Escudero, veciño desta Vila, con domicilio na rúa Alférez Provisional, para instalación de cafetería nun inmovible sito na rúa Praza Maior, a Comisión de Goberno acorda notificar ó mesmo a resolución da Dirección Xeral do Patrimonio Histórico e Documental, na cal se sinala que se informa desfavorablemente o proxecto presentado, polas razóns seguintes: a solución para a saída do local non é acertada. Debe resolvela evitando as solucións desviadas que pretende; deberá adecenta-la fachada

traseira enteira, retirando os elementos que a deforman (chemineas, antenas, baixantes, cadros eléctricos); deberá recupera-lo pavimento de pedra orixinal debaixo dos soportais; PRESENTARA NOVA PROPOSTA PARA A SUA APROBACION DEFINITIVA.- Contra esta resolución, e sen prexuízo dos recursos das Entidades Locais, pode interpor tamén se lle convén, recurso dealzada perante o Excmo. Sr. Conselleiro de Cultura e Xuventude, no prazo de quince días a partir do seguinte ó en que se lle practique esta notificación.

4.- ESCRITOS DE CONTIDO OFICIAL.-

A Comisión de Goberno fica enterada dos seguintes:

Do Goberno Civil de Ourense, sobre protección civil, acordando a Comisión que se faciliten os teléfonos e direccións non só oficiais senón particulares do Alcalde-Presidente e dos Concelleiros Dona Rosa Lois Pérez e Don Antonio García-Aliende García.

Da Delegación Provincial da Consellería da Presidencia e Administración Pública que contén acordo sobre o proxecto de "aproveitamento hidroeléctrico do río Cerves", segundo o expediente promovido por Unión Fenosa S.A., acordando a Comisión que se notifique ós veciños interesados no expediente e mesmo que informe tamén o Sr. Aparellador Municipal, ós conseguintes efectos.

Escrito da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, sobre a existencia dunha praga de pulguiña nos carballos, acordando a Comisión que se dea a correspondente difusión ós efectos de que se coñezan as liñas de axuda que ten a devandita Consellería a este respecto.

Informe do Sr. Aparellador Municipal, sobre o edificio deste Concello sito na rúa García Penedo, acordando a Comisión que confeccione o correspondente presuposto de gastos o Sr. Aparellador ós efectos de acorda-la retirada da fachada dos elementos que co paso do tempo poden desprenderse e caer sobre a vía pública.

Informe do Sr. Aparellador Municipal, sobre a obra da Casa de Cultura, acordando a Comisión que se dea conta do mesmo ó Sr. Enxeñeiro Director da obra para que emita tamén o informe que sexa axeitado.

Circular nº 4/93 do Goberno Civil, sobre horario de peche dos establecementos públicos, acordando facilitar unha copia do mesmo

á Policía Local ós seguintes efectos.

Escritos da Delegación de Facenda, sobre os Padróns para 1993 dos Bens Inmóveis de Natureza Rústica e da matrícula do Imposto sobre Actividades Económicas, acordando a Comisión a súa exposición ó público de xeito regulamentario.

Circular da Federación Española de Municipios e Provincias, sobre sistemas informáticos, acordando a Comisión que pase a coñecemento dos servizos deste carácter existentes no Concello.

Escrito de INYPSA, informes e proxectos S.A., pregando a resposta a unha enquisa que remiten sobre normativa de planeamento, abastecementos de augas e depuración e saneamento, acordando a Comisión que se faciliten os datos interesados.

Circular da Federación Española de Municipios e Provincias, en relación coa aplicación do Real Decreto xa aprobado polo Consello de Ministros polo que se integran no réxime xeral da Seguridade Social os funcionarios da Administración Local.

Tamén coñece a Comisión de Goberno o expediente xeral do Plano Provincial de Obras e Servizos do ano 1993 e asemade dos escritos asinados polo Sr. Alcalde, remitidos ó Iltmo. Sr. Director Xeral de Acción Económica Territorial e Iltmo. Sr. Presidente da Excmá. Deputación Provincial, que conteñen as queixas diante do feito de que o Concello de Ribadavia non fose seleccionado con ningunha obra ou servizo dentro do devandito Plano.

5.- CUESTIONS ECONOMICAS.-

A Comisión de Goberno, en primeiro lugar, presta a súa aprobación ó gasto contraído co gallo da redacción dun proxecto técnico no expediente nº 168/91, pola arquitecta colexiada Dona María Jesús Castelo Villanueva, correspondente ó inmovible sito na rúa García Penedo, por importe de 1.840.805 pesetas; o aboamento desta cantidade terá lugar cando as dispoñibilidades do Concello así o permitan.

A Comisión de Goberno, na súa condición de órgano de asistencia permanente ó Alcalde, acorda acollerse ós beneficios da Orde do 12 de Xaneiro de 1993, da Consellería da Presidencia e Administración Pública, pola que se anuncian axudas e subvencións a Corporacións Locais para a mellora dos recursos e da oferta e a promoción do turismo, segundo o seguinte detalle: no Título III, Capítulo IV, creación e modernización de estrutura náutico-

deportiva, a actuación concreta nomeada "Pantalán de Atraque e Fondeo no Encoro de Castrelo de Miño, na marxe de Ribadavia-Sampaio", segundo a memoria do Sr. Aparellador Municipal que se achega e cun presuposto de 4.000.000 pesetas.- No Título I, Capítulo I, apartado c), Edición, dun libro sobre Ribadavia, segundo o texto que se achega, para 3.000 exemplares, a razón de 1.450 pesetas cada un, segundo o presuposto facilitado pola empresa IR INDO Edicións S.A..

Tamén a Comisión de Goberno acorda interesar da Consellería de Relacións Institucionais e Portavoz do Goberno da Xunta de Galicia, dentro do programa de axudas para o realce do Xacobeo-93, as correspondentes subvencións para as actividades que de seguido se sinalan segundo as memorias que se achegan:

I Xornadas dos Concellos con núcleos históricos; IX Mostra Internacional de Teatro; Congreso Xeral do Teatro e das Artes Escénicas de Galicia; Premio "Abrente", para textos teatrais; Museo do Viño; Oficina de Información Turística; Feira do Viño-93; Noites do Castelo-93; Escola Municipal de Teatro e Actividades Deportivas.

Por último, a Comisión de Goberno acorda acollerse ós beneficios da Orde do 1 de Marzo de 1993, da Consellería de Industria e Comercio, pola que se regula a concesión de subvencións a Corporacións Locais para actividades de información, educación e defensa do consumidor e usuario, para a seguinte actuación: Consolidación e Mellora da OMIC, segundo a memoria que se achega, cun importe de 2.290.000 pesetas; asemade, tamén se presta aprobación ó convenio da Alcaldía coa Asociación de Consumidores para a realización de actividade no ano 1993, segundo a documentación que se achega.

6.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Non se formularon.

E sendo as nove da noite, o Sr. Alcalde ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, como Secretario accidental, certifico.